



O máis sobranceiro da intelectualidade galega subliñou nas súas arengas a figura revolucionaria de Curros

KOPA

O «Foro das dezasete arengas» lembrou no seu monumento a «voz rebelde» do poeta de Celanova

Os intelectuais galegos reviven na Coruña a homenaxe cívica a Curros Enríquez de 1935

A «voz rebelde» de Curros Enríquez soou onte con forza. A máquina do tempo accionouse e ata A Coruña achegáronse os ecos de 1935, cando abandeirados da cultura galega como Castelao, Otero Pedrayo ou

Carballo Calero deron vida ó primeiro «Foro das dezasete arengas» e lembraron a figura do poeta de Celanova que cantou os desterrados e «asoballados». Sesenta e seis anos despois, os máis sobranceiros homes da

cultura de Galicia rememoraron a homenaxe ante o micrófono e o monumento do autor de «Aires da miña terra». Fernández del Riego, presidente da Real Academia galega, reviviu o espectáculo oratorio de 1935 no 2001.

SUSANA BASTERRECHEA
A CORUÑA

O pensamento liberal e progresista de Manuel Curros Enríquez resiste ó tempo. Os doce oradores que onte reviviron na Coruña o *Foro das dezasete arengas* de 1935 —e que, coma entón, falaban cinco minutos cada un sobre o poeta ourensán— coincidiron en salientar o labor de denuncia do autor de *Aires da miña terra*. «Foi o primeiro poeta civil e revolucionario que protestou ante as inxustizas de Galicia», apuntou Isaac Díaz Pardo.

Para Xesús Alonso Montero, «Curros propúxose falarlles da patria ós desterrados, de liberdade e redención ós asoballados». O profesor aproveitou a súa intervención para animar ós «escritores do PC, do pensamento politicamente correcto», a contaxiarse do talante rebelde de Manuel Curros Enríquez.

As verbas de Xosé Luis Méndez Ferrín rescataron da memoria de dúas de persoas que se reuniron na homenaxe a Curros os tempos da miseria dos proletarios labregos «sen máis palmo de terra que a da tumba». «Son os pobres —dixo—

sobre os que hai que construír a Galicia que soñou Curros».

As referencias á Real Academia Galega tampouco faltaron. O presidente da RAG, único

testigo vivo do primeiro *Foro das dezasete arengas*, empregou as súas verbas para presentar a Curros «á nova mocidade». Elisardo López, autor da

edición que recolle a poesía completa de Curros, leulle unha carta ó de Celanova para ratificarlle a existencia dunha academia pola que traballou e

que nunca chegou a ver. «Sei que abriches unha botella de Ribeiro, non o negues», dixo.

«Combates ideolóxicos»

Como un dos primeiros poetas en empregar a lírica escrita en galego, os intelectuais reunidos onte na Coruña subliñaron o papel clave de Curros na defensa e dignificación do idioma na expresión literaria.

«Rompeu coa idea de que o galego era incompatible co progreso e a modernidade. Protagonizou un dos combates ideolóxicos máis importantes», asegurou o profesor Henrique Monteagudo.

Sobre Curros Enríquez e a xustiza falou o fiscal Benito Montero, quen lembrou que o autor de *O divino sainete* era contrario a pena de morte e asegurou que hoxe loitaría «pola normalización do galego nos tribunais de xustiza». «En Galicia —engadiu— a un galego non se lle ten que traducir».

Para o final quedou a biografía coruñesa de Curros. «Non viviu aquí nunca, pero a cidade o ten mitificado porque foi o primeiro poeta civil», contou o concelleiro de Cultura da cidade, José Luis Méndez Romeu.

Unha tumba «digna» para as cinzas do escritor ourensán

A homenaxe a Curros Enríquez partiu da rúa e rematou nun teatro cun recital poético e musical. O tributo comezou cunha petición. O profesor Xosé María Paz Gago instou ó Concello coruñés a dar un paso adiante e darlle novo destino ós restos do escritor, que agora repousan no cemiterio coruñés. «Curros non pode seguir nunha tumba ignorada e indigna», dixo.

Paz Gago abriu o abano de posibilidades e salientou que as cinzas de Curros deberían depositarse no monumento inacabado de Asorey na Coruña, «no Panteón de Galegos Ilustres de Santiago ou na súa terra natal».

A reivindicación deu paso ó recital, que congregou, en-



A homenaxe culminou cun recital poético nun teatro

tre outros, a Manuel Álvarez Torneiro, Lino Braxe, Salvador García-Bodaño, Bernardino Graña, Manuel María e

Luz Pozo Garza, que recitaron composicións recollidas en *47 poetas de hoxe cantan a Curros Enríquez*.